

Tentar na obra d'arte, porque non
outra cousa é recrear un pobo escurecido,
require un artista. Tódolos creadores teñen algo
de deuses.

Nunca, penso eu, que se teña feito en
Galicia un homenaxe mais xusto que este
organizado par'a sua honra pol o concello
de Lugo. Porque decir Galicia é decir
Castelao ou viceversa e hoxe como poucas
veces, pol-o tanto, Galicia hónrase a si mes-
ma; preocúpase da sua autovaloración.

Hai momentos, señores, nos que un
pensa con Carlyle n os pobos non terán outro
auxeto que produciren as escepcions dos
grandes homes, ~~representativos~~, ^{representativos} os heroes como
él lles chamaba. O certo é que Galicia o
nos dar a Castelao encarnou n'unha per-
soa, nun ser de carne e ~~oso~~, todas as suas
características mesolóxicas e tódalas cualida-
des raciaes froito do ambiente e da tradición
que é o fondo de permanencia do etnos ó lon-
go das xeneracións. Castelao é o ~~genius~~
genius loci humanizado, personalizado; todas as
esencias do noso ego ipsissimus, que
dixera Nietzsche, ~~converxentes~~ ^{converxentes} n'un corazón,

Tentar na obra d'arte, porque non
outra cousa é recrear un pobo escurecido,
require un artista. Tódolos creadores teñen algo
de deuses.

Nunca, penso eu, que se teña feito en
Galicia un homenaxe mais xusto que este
organizado par'a sua honra pol-o concello
de Lugo. Porque decir Galicia é decir
Castelao ou viceversa e hoxe como poucas
veces, pol-o tanto, Galicia hónrase a si mes-
ma; preocúpase da sua autovaloración.

Hai momentos, señores, nos que un
pensa con Carlyle si os pobos non terán outro
ouxeto que produciren as escepcions dos
grandes homes representativos, os héroes como
él lles chamaba. O certo é que Galicia ó
nos dar a Castelao encarnou n'unha per-
soa, nun ser de carne e oso, total-as suas
características mesolóxicas e tódalas cualida-
des raciaes froito do ambiente e da tradición
que é o fondo de permanencia do etnos ó lon-
go das xeneracións. Castelao é o
genius loci humanizado, personalizado; total-as
esencias do noso ego ipsissimus, que
dixera Nietzsche, converxentes n'un corazón,

n'un cerebro e n'unha i-alma. Humorismo e
 lirismo; socarronería estilizada; filosofía de verda-
 des en primeira máo, folgos de poesía; brétemas
 de escepticismo, tecidas con bágoas da parte
 da dolor universal ~~que lle corresponde a Galicia~~
 que lle corresponde a Galicia ^{con as doas d'un mano} avencelladas ^{místicas}
 no de unha sorriso comprensiva, suprema flor
 da cultura que manteñen sempre vizosa as augas
 nutritivas dos orixes.
 Cando se escoita unha bela cántiga,
 das que son gala do noso romanceiro, e cuio
 autor se descoñece, dícese que é unha can-
 tiga popular; dícese que a fixo o pobo.
 Pero isto non é certo; porque esas cantigas
 que se universalizan, que se trocan en pedras
 preciosas para engarzar nas antoloxías,
 porque teñen tod'o recendo racial e todo o
 encanto das flores silvestres, que nacen sementes
 onde teñen que naceren, non son feitas polo
 pobo, senon por un home de pobo que se tra-
 sustancia en todo pobo na hostia da palabra
 para reflexar un fondo da i-alma colectiva
 n'unhos versos espontáneos e orixinaes.

Pois toda a arte xenialísima de Castela
 ten a gracia natural das cantigas populares inmo-
 rentes. Ven da mesma canteira e da mesma
 fontenla. Chega a todos e lese por todos.

n'un cerebro e n'unha i-alma. Humorismo e
 lirismo; socarronería estilizada; filosofía de verda-
 des en primeira máo, folgos de poesía; brétemas
 de escepticismo, tecidas con bágoas da parte
 da dolor universal
 que lle corresponde a Galicia, avencelladas com'as doas d'un rosa-
 rio místico pol-o
 fio de unha sonrisa comprensiva, suprema flor
 da cultura que manteñen sempre vizosa as augas
 nutritivas dos orixes.

Cando se escoita unha bela cántiga,
 das que son gala do noso romanceiro, e cuio
 autor se descoñece, dícese que é unha can-
 tiga popular; dícese que a fixo o pobo.
 Pero isto non é certo; porque esas cantigas
 que se universalizan, que se trocan en pedras
 preciosas para engarzar nas antoloxías,
 porque teñen tod'o recendo racial e todo o
 encanto das flores silvestres, que nacen sementes
 onde teñen que naceren, non son feitas polo
 pobo, senon por un home de pobo que se tra-
 sustancia en todo pobo na hostia da palabra
 para reflexar un fondo da i-alma colectiva
 n'unhos versos espontáneos e orixinaes.

Pois toda a arte xenialísima de Castela
 ten a gracia natural das cantigas populares inmo-
 rentes. Ven da mesma canteira e da mesma
 fontenla. Chega a todos e lese por todos,

como se lese obra de todos cando é solo obra
d'un home que representa e interpreta a todos.
É un alma subsumida, asolagada na forza
xeneratriz que deita da cópula interna da
"gea", c'o "etnos", é un pobo que ten un lume
con esta alma, non o toma por guion e por
bandeira é un pobo que non merece vivire,
como non merece mais que o desprecio si
non reacciona contr'as aldraxes que se lle fagan
por estranos a ese heroe esgrevio, a ese home
representativo.

Pero eu vexo aquí felizmente que Galicia
ten concencia de si mesma, ten concencia dos
seus deberes, ten concencia das suas responsabi-
lidades; que non outra cousa significa
agasallar a un home que é unha senten-
za providencial da ~~ma~~ cultura autóctona, un
abreviario espléndido dos seus sentires - pensares
inmorrentes, como ese gran Castela arredor
do cal nos axuntamos hoxe galegos de todas
partes, para dicir a España e ó mundo
que él e nós somos a nova Galicia, a da
estrela inmortal e apostólica que se
uniu a Europa pol-a vía franca e non
contenta con isto puxo un ronsel no ceo:
o da vía Láctea, o maior senso d'universalismo acusado. E todo
este destino
mistérico sinalando a nosa terra, todo este

[3]

como se fose obra de todos cando é solo obra
d'un home que representa e interpreta a todos.
É un alma subsumida, asolagada na forza
xeneratriz que deita da cópula interna da
"gea" c'o "etnos". E un pobo que ten un lume
con esta alma, si non o toma por guion e por
bandeira é un pobo que non merece vivire,
como non merece mais que o desprecio si
non reacciona contr'as aldraxes que se lle fagan
por estranos a ese heroe esgrevio, a ese home
representativo.

Pero eu vexo aquí felizmente que Galicia
ten concencia de si mesma, ten concencia dos
seus deberes, ten concencia das suas responsabi-
lidades; que non outra cousa significa
agasallar a un home que é unha senten-
za providencial da sua cultura autóctona, una
abreviación espléndida dos seus sentires e pensares
inmorrentes, como ese gran Castela arredor
do cal nos axuntamos hoxe galegos de todas
partes, para lle dicir a España e ó mundo
que él e nós somos a nova Galicia, a da
estrela inmortal e apostólica que se
uniu a Europa pol-a vía franca e non
contenta con isto puxo un ronsel no ceo:
o da vía Láctea, o maior senso d'universalismo acusado. E todo
este destino
mistérico sinalando a nosa terra, todo este

4
romance milagreiro e xurdio non podería
ter mellor intérprete que quen con' un Castela
leira en si o humorismo e o lirismo ^{necesario para a cultura} de un
cego de romances que fose ó mesmo tempo
un gran señor.

Castelao representa as ansias de Gali-
cia que hoxe se enfocan car'a autonomía
As xestas dos irmandiños que querían
rexerense a si mesmos, que Vasco de Aponte,
as arelas do noso renacemento, as ansias
dos precusores e dos continuadores que xurxiron
ó conxuro da miña pobre voz, — Viqueira
o filósofo, Porteiro, o político, ^{de acorda de moral}
Lousada Diéguez o ílico da etica pura cheia
dos pulos da tradición, ^{prometida amada dos homes - a súa}
arte crecía do homenaxeado, que s'acorda
cos versos de sensibilidade moderna de Amado Carballo
e de Manoel Antonio; outros dous ma-
logrados, que hoxe teñen mais que un
posto na nosa mesa porque o teñen no
noso espírito e nas nosas lembranzas.

E agora xa que falei de Porteiro per-
mitídemme un inciso dirixido ó digno alcalde de
Lugo. Para ~~recordar~~ perpetuar
o ~~recordo~~ recordo d'aquel mozo malgrado que aquí
naceu e que foi un lóstrego de xenialidade na
vida de Galicia como civilista, como pensador -
cambio calificárais como o home de mais craro tempera-
mento político que conecera - e como republicano, ten

[4]

romance milagreiro e xurdio non podería
ter mellor intérprete que quen com'un Castela
leira en si o humorismo e o lirismo peneirados pol-a cultura de un
cego de romances que fose ó mesmo tempo
un gran señor.

Castelao representa as ansias de Gali-
cia que hoxe se enfocan car'a autonomía.
As xestas dos irmandiños que querían
rexerense a si mesmos, gran Vasco de Aponte,
as arelas do noso renacemento, as ansias
dos precusores e dos continuadores que xurxiron
ó conxuro da miña pobre voz, — Viqueira
o filósofo, Porteiro o político,
Lousada Diéguez o ílico da etica pura cheia
dos pulos da tradición—, irmandade amada dos deuses e por iso
morta en plena xuventude. Todo esto latexa na
arte esgrevia do homenaxeado que s'acorda
cos versos de sensibilidade moderna de Amado Carballo
e de Manoel Antonio; outros dous ma-
logrados, que hoxe teñen mais que un
posto na nosa mesa porque o teñen no
noso espírito e nas nosas lembranzas.

E agora xa que falei de Porteiro per-
mitídemme un inciso dirixido ó digno alcalde
de Lugo. Para perpetuar
o recordo d'aquel mozo malgrado que aquí
naceu e que foi un lóstrego de xenialidade na
vida da Galicia, como civilista, como pensador —
Cambó calificárais como o home de mais craro tempera-
mento político que conecera— e como republicano, non

9
merece que se lle de o seu nome a unha rua de
Lugo. Seria o mellor complemento d'esta
festa

E xa vou, para rematar, o que mais ^{nos} inte-
resa Refírome á autonomía. Cando se di que
en Galicia non hai ambiente para ela, dise unha
gran mentira. En Galicia hai dúas crases de
galegos. Os que pensan en Galicia e os que non
pensan en Galicia. Des que pensan en Galicia
a inmensa maioría —boa proba os aquí presentes
ou representados— e desde logo os mais cultos,
queren rexime autónomo e loitan para
impoñelo. Contra d'eles solo están os inconscientes
e os servos dos caciques. Porque a gran masa
rural que é a verdadeira Galicia en parte
promúvense pol-a autonomía e en parte
non opina nada, porque ningún lle ensinou
a opinar. Os que non opinan nada quedan
ó marxe, co'a seguranza de que opinarian ben
si soupesen facelo. E os inconscientes e os servos
dos caciques tampouco se poden tomar en conta.
E d'aquela resulta que todos os que pensan
en Galicia, e que pol-o mesmo teñen dereito
a desaxetarse orientada espiritualmente e moralmente
en autonomistas. ^{Porque} Contra eles e coa contra
verdadeira concencia galega que por tradición
foi sempre descentralizada.
Pero eu vos digo que os autonomistas de

[5]

merece que se lle de o seu nome a unha rua de
Lugo? Seria o mellor complemento d'esta
festa.

E xa vou, para rematar, o que mais nos inte-
resa. Refírome á autonomía. Cando se di que
en Galicia non hai ambiente para ela, dise unha
gran mentira. En Galicia hai dúas crases de
galegos. Os que pensan en Galicia e os que non
pensan en Galicia. Os que pensan en Galicia,
a inmensa maioría —boa proba os aquí presentes
ou representados— e desde logo os mais
cultos, queren rexime autónomo e loitan para
impoñelo. Contra d'eles solo están os inconscientes
e os servos dos caciques. Porque a gran masa
rural que é a verdadeira Galicia en parte
posiciónase pol-a autonomía e en parte
non opina nada, porque ningún lle ensinou
a opinar. Os que non opinan nada quedan
ó marxe, co'a seguranza de que opinarian ben
si soupesen facelo. E os inconscientes e os servos
dos caciques tampouco se poden tomar en conta.
E d'aquela resulta que todol-os que pensan
en Galicia, e que pol-o mesmo teñen dereito
a orientala espiritualmente e moralmente
son autonomistas. Ir contra eles é ir contr'á
verdadeira concencia galega que por tradición
foi sempre descentralizada.

Pero eu vos digo que os autonomistas de
[Aquí interrómpeuse o texto]